



Rosalía de Castro, 2
15200 NOIA (A Coruña)
Tel. 981 842 100
Fax 981 821 741

RESOLUCIÓN DO ALCALDE Nº 1699/2011.

Antecedentes administrativos.

Primeiro. Por Resolución deste Alcalde número 1168/2011, do 3 de maio, incóase expediente administrativo de contratación do servizo de "Organización da XIV Feira Medieval do Concello de Noia a realizar os días 15, 16 e 17 de xullo de 2011", por procedemento negociado sen publicidade, cun orzamento de execución por contrata de trinta mil euros (30.000,00 €), expediente número 08/11-SERV-PN.

Segundo. En data 10 de maio de 2011, por resolución do alcalde número 1299/2011, acórdase aprobar o expediente de contratación número 10/11-SERV-PN, tramitado para a adxudicación, por procedemento negociado sen publicidade, do contrato de servizos para a organización da XIV Feira Medieval do Concello de Noia a realizar os días 15, 16 e 17 de xullo de 2011, e autorizar o gasto por un importe de,

- Importe sen IVE: vinte e cinco mil catrocentos vinte e tres euros con setenta e tres céntimos (25.423,73 €).
- IVE: catro mil cincocentos setenta e seis euros con vinte e sete céntimos (4.576,27 €).
- Importe con IVE: trinta mil euros (30.000,00 €).

Terceiro. Durante o prazo de presentación de ofertas presentáronse tres, polas empresas: DE LA FUENTE PRODUCCIONES ARTÍSTICAS, S.L. - MUSICAL SPORT - PEGASUS MERCADOS TEMÁTICOS, en prazo e cumprindo cos requisitos establecidos na cláusula 5 do prego de administrativas que rexe esta contratación.

Cuarto. O órgano de contratación, en base ó establecido na cláusula 10 do prego de administrativas, ACORDA declarar admitidos e excluídos aos seguintes licitadores, polos motivos que se indican:

➤ LICITADORES ADMITIDOS.

PEGASUS MERCADOS TEMÁTICOS S.L.

➤ LICITADORES EXCLUÍDOS.

DE LA FUENTE PRODUCCIONES ARTÍSTICAS S.L, o non subsanar as deficiencias observadas na documentación administrativa no prazo de tres días hábiles concedido.

MUSICAL SPORT TEATRO, o non subsanar as deficiencias observadas na documentación administrativa no prazo de tres días hábiles concedido.

Quinto. Clasificar por orden decrecente as proposicións presentadas, e outorgar a seguinte puntuación total a cada un dos licitadores participantes e admitidos no procedemento negociado convocado por Resolución do Alcalde número 1299/2011, do 10 de maio, para a adxudicación do contrato de servizos "Organización da XIV Feira Medieval do Concello de Noia a realizar os días 15, 16 e 17 de xullo de 2011", expediente de contratación núm. 10711 SERV-PN.

1º PEGASUS MERCADOS TEMÁTICOS S.L.	
I) CALIDADE TÉCNICA E ARTÍSTICA (máx. 30 p.).	
O técnico de cultura no referente a decoración proposta, sinala que ademais das decoracións usuais valorase o compromiso de realización dunha decoración específica para este mercado onde se incluírán escudos de casa nobres de Noia e símbolos de oficios medievais, que diferenciará a proposta para o mercado de Noia de outros mercados.	Puntos

En relación a animación, o técnico valora a recreacións de feitos históricos da nosa vila, como a chegada da comitiva real, lectura da Carta Puebla ou o desembarco nos que baixo a coordinación dun director artístico tratarán de coordinar e integrar a persoas da vila nestes espectáculos. A animación inclúe a representación dos altercados entre os distintos gremios na Idade Media.		
Valórase especialmente a calidade dos espectáculos nocturnos, a proposta musical que plantea, así como o torneo e a animación en xeral.		
Subtotal aptdo. I)		20
II) MELLORAS OFERTADAS (máx. 15 p.)		
MELLORAS OFERTADAS	Criterio de valoración	Puntos
Vixilancia nocturna.	Seis persoas	7
Cartelería.	Non figura cuantificada.	
Subtotal aptdo. II)		7
III) OFERTA ECONÓMICA (máx. 5 p.)		
Importe	% baixa	Punto
25.423,73 €	0	0
Subtotal aptdo. III)		0
TOTAL PUNTUACIÓN		27

Quinto. No mesmo acordo requírese á empresa PEGASUS MARCADOS TEMÁTICOS S.L, candidato que presenta a oferta mais vantaxosa, para que en un prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa de atoparse o corrente das súas obrigas tributarias coa facenda estatal, autonómica e co Concello de Noia (comprobación que realizárase de oficio polo órgano de contratación), asemade acreditárase polo licitador neste mesmo prazo a inexistencia de débedas pendentes coa Seguridade Social de dispor efectivamente dos medios que compromete adscribir a execución do presente contrato consonte o sinalado no artigo 54.2 e de ter constituída a garantía definitiva do 5% do importe do contrato, que ascende a cantidade de 1.271, 186. euros, excluído o imposto sobre o valor engadido, e unha copia compulsada póliza de seguro que cubra os riscos derivados da celebración do evento, cun capital mínimo de 300.000 €, e o recibo do seu pagamento.

Sexto. En cumprimento do anterior, PEGASUS MARCADOS TEMÁTICOS S.L, presenta a documentación requirida no parágrafo precedente e constituíe a garantía definitiva mediante ingreso do importe na conta do Concello por importe de 1.271,19 euros.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. De acordo ó establecido na cláusula 13 do prego de administrativas que rexen esta contratación o Órgano de Contratación procederá no prazo de cinco (5) días hábiles seguintes á recepción da documentación a adxudicar o contrato.

Segundo. Vistas as competencias que en materia de contratación atribúe ó Alcalde a lexislación vixente, concretamente a DA 2ª da LCSP e posto que o contrato que se pretende licitar ten unha duración inferior a catro anualidades e o seu importe non supera o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin os 6.000.000,00 de euros.

RESOLVO:



Rosalía de Castro, 2
15200 NOIA (A Coruña)

Tel. 981 842 100
Fax 981 821 741

Primeiro. Adxudicar o contrato de servizos de "Organización da XIV Feira Medieval do Concello de Noia a realizar os días 15, 16 e 17 de xullo de 2011", a PEGASUS MARCADOS TEMÁTICOS S.L, código de identificación fiscal número B-62535497, por un prezo total de trinta mil euros (30.000,00 €), co seguinte desglose,

- Importe sen IVE: vinte e cinco mil catrocentos vinte e tres euros con setenta e tres céntimos (25.423,73 €).
- IVE: catro mil cincocentos setenta e seis euros con vinte e sete céntimos (4.576,27 €).
- Importe con IVE: trinta mil euros (30.000,00 €).

Segundo. Ordenar a publicación da presente adxudicación no perfil do contratante do Concello de Noia (www.noia.es).

Terceiro. Nomear de forma expresa a don Ramón Vidal Fernández, técnico de cultura, responsable do contrato ós efectos de supervisar a súa execución e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.


Cuarto. Determinar o día 1 de xullo de 2011, para a formalización do contrato administrativo.

Quinto. Notificar a presente resolución a tódolos participantes na licitación coa indicación de que pon fin á vía administrativa e que contra a mesma poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ó de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Sexto. Dar traslado da mesma ó responsable do contrato, aos servizos municipais de Intervención, Tesourería e Xefatura de Rendas, Deputación da Coruña e dar conta ó Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que convoque e publicar a presente resolución no perfil do contratante.

Noia, 29 de xuño de 2011.
O Alcalde,

Asdo. Rafael García Guerrero.



Ante min
A secretaria

Asdo: Raquel B. Bahillo Varela.

